

CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NOS GRAOS DE XEOGRAFÍA E ORDENACION DO TERRITORIO, HISTORIA E HISTORIA DA ARTE, CURSO 2025-2026

A Facultade de Xeografía e Historia convoca prazas para a realización das prácticas académicas externas nas titulacións de Historia, Historia da Arte e Xeografía e Ordenación do Territorio, segundo a distribución que figura no Anexo I desata convocatoria.

Estas prácticas regúlanse polo RD 592/2014, de 11 de xullo, o Regulamento de prácticas externas da USC, aprobado por Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015, o Regulamento de prácticas externas da Facultade do 2 de outubro de 2015, modificado o 10 de xullo de 2017, por esta convocatoria e demais disposicións de aplicación.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Participar nas Prácticas Académicas Externas (PAE) ofertadas nesta convocatoria do curso 2025-26, de acordo coa oferta académica recollida no Anexo I.

As materias que integran as PAE de cada unha das titulacións da Facultade comparten un conxunto de obxectivos xerais:

- 1.- Contribuír á formación integral do alumnado, complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- 2.- Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional na que o alumnado terá que operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos.
- 3.- Favorecer o desenvolvemento das competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas.
- 4.- Obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura.
- 5.- Favorecer os valores de innovación, creatividade e emprendemento.

2. REQUISITOS ACADÉMICOS DOS/DAS CANDIDATOS/AS

Para a realización das PAE o estudantado deberá cumprir, no seu caso, os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado/a na ensinanza universitaria á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas ou específicas a adquirir polo alumnado na realización das prácticas.
2. Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada ou coa propia universidade na que se van realizar as prácticas, salvo autorización conforme á normativa interna da USC.
3. Cumprir os requisitos recollidos na *Normativa de Permanencia* en relación ao proceso de matrícula no cuarto curso do grao, así como as *Instrucións* mencionadas con anterioridade.
4. Os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
5. O estudantado ten a obriga de ter un número único de Seguridade Social (NUSS) para que a Universidade poida efectuar as cotizacións correspondentes, en aplicación da disposición transitoria novena do Real Decreto ñey 8/2023 do 27 de decembro. Máis información na [páxina web do centro](#).
6. O estudantado seleccionado deberán presentar no momento de formalizar a matrícula un certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais. A información específica e a certificación pode obterse a través do enlace:

<https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-registro-central>

3. PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR AS PRÁCTICAS

O alumnado da Facultade de Xeografía e Historia poderá realizar as PAE en centros, institucións e empresa, tanto públicas como privadas, coas que previamente se establecese o correspondente convenio, sendo o número de prazas ofertadas o que marcará o límite de alumnos/as que poidan optar a realizar as prácticas.

As ofertas das PAE deberá conter, na medida do posible, os seguintes datos:

- 1.- Nome ou razón social da entidade colaboradora na que se realizará a práctica.
- 2.- Centro, localidade e dirección.
- 3.- Datas de comezo e fin das prácticas, así como a súa duración en horas.
- 4.- Perfil do proxecto formativo, actividades e competencias a desenvolver.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes remitiranse ao enderezo electrónico da secretaría do decanato:
xeohistoria.decanato@usc.es

O prazo para presentar as solicitudes remata o **31 de outubro de 2025**.

O impreso de solicitude figura no **anexo II** desta convocatoria e está publicado na intranet no centro [formularios](#)

5. ADMISIÓN DE SOLICITANTES

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro electrónico e na intranet do centro a relación provisoria co estudantado admitido e excluído, ordenados de acordo coas súas preferencias e a nota media do expediente. O estudante dispón dun prazo de **5 días hábiles** para presentar reclamacións.

6. SELECCIÓN DO ESTUDANTADO SOLICITANTE

A selección do estudantado corresponde á Comisión de Prácticas Externas e terase en conta unicamente o expediente académico.

Os/as solicitantes que propiciaran un convenio cunha determinada entidade terán dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade colaboradora.

7. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

Finalizado o proceso de selección, publicarase a resolución coa asignación definitiva das prazas no prazo que se establece no calendario. O alumnado que renuncie a unha praza adxudicada definitivamente, sen causa debidamente xustificada, deixando esa praza vacante, poderá presentar solicitude na próxima convocatoria de xuño pero non se lle terá en conta o expediente académico, polo que figurará no último posto de solicitantes

8. MATRÍCULA:

Una vez publicada a lista definitiva de admitidos o estudiantado deberá formalizar matrícula na Unidade de Xestión Académica Sur no prazo de **5 días hábiles** dende a publicación de admitidos. A matrícula realízase por correo electrónico á UXA Sur, uxa.sur@usc.gal, indicando, de ser o caso, a materia/materias optativas que solicitan dar de baixa.

A falta de matrícula previa á realización das prácticas impedirá a súa avaliación ou a imputación ou recoñecemento no expediente do estudante dos créditos correspondentes.

9.AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS.

O/a titor/a da entidade colaboradora realizará e remitirá ao/a titor/a académico da Universidade un informe final, ao remate das prácticas, que recollerá o número de horas realizadas polo alumnado e no que poderán valorar os seguintes aspectos referidos, no seu caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo:

- a.- Capacidade técnica.
- b.- Capacidade de aprendizaxe.
- c.- Administración de traballos.
- d.- Habilidades de comunicación oral e escrita.
- e.- Sentido da responsabilidade.
- f.- Facilitade de adaptación.
- g.- Creatividade e iniciativa.
- h.- Implicación persoal.
- i.- Motivación.
- k.- Puntualidade.
- l.- Relacións co seu contorno laboral.
- m. Capacidade de traballo en equipo.

n.- Outros aspectos que se consideren oportunos.

Unha vez transcorrida a metade do período de duración das prácticas, poderá elaborarse un informe intermedio de seguimento.

O/A estudante elaborará e fará entrega ao/a titor/a académico da universidade unha memoria final,- anexo V do regulamento de PAE- ao remate das prácticas, na que deberán figurar, polo menos, os seguintes aspectos:

- a.- Datos persoais do alumno/a.
- b.- Entidade colaboradora na que se realizaron as prácticas.
- c.-Descrición concreta e detallada de tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade á que foi asignado.
- d.- Valoración das tarefas realizadas.
- e.- Relación dos problemas presentados e procedemento seguido para a súa resolución.
- f.- Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g. -Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

Contra a presente convocatoria, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o decano ou directamente ante o reitor no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación no taboleiro electrónico da USC, de conformidade cos artigos 121e 122 de Lai 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

O decano

Antonio Míguez Macho

ANEXO I

GRAO EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

EMPRESA	SEDE	PRAZAS	OBSERVACIÓNS
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)	Santiago	1	Traballos relacionados coa defensa do medio ambiente e do desenvolvemento ecolóxico sustentábel. Información sobre conservación e biodiversidade, contaminación e residuos.
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)	Santiago	1	Traballos no seo da Administración pública
CENTRO DE ESTUDOS TURÍSTICOS DA USC (CETUR)	Santiago	1	O CETUR ten a súa sede nas instalacións do IDEGA (Campus Sur). Posibilidade de modalidade mixta presencial/online
CARTOGALICIA	Milladoiro	1	Traballos de consultoría. Manexo de SIX
CEER	Coruña/ Santiago	1	Traballo no campo da cooperación transfronteiriza. Pódese elixir a sede de Santiago ou a de Coruña
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (CETMAR)	Vigo	1	Traballos no marco da economía azul sustentable
CONCELLO O PINO	O Pino	1	Promovido por Veronica Gende Mourelle
CURSOS INTERNACIONAIS	Santiago	1	Traballos no campo do turismo idiomático e da acollida a estudantes internacionais.
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN)	Santiago	1	http://gain.xunta.gal/
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL PESQUEIRA RÍA DE VIGO-BAIONA	Vigo	1	Traballos no campo do desenvolvemento sustentable das comunidades costeiras
GRUPO INVESTIGACIÓN ANÁLISE TERRITORIAL (ANTE)	Santiago	1	ANTE ten a súa sede nas instalacións do IDEGA (Campus Sur).
INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)	Santiago	1	É preciso realizar o seu programa formativo, e adaptarse ao horario requirido (pendente de determinar)
METEOGALICIA	Santiago	2	https://www.meteogalicia.gal/
PROYFE	Ferrol	1	Traballos de consultoría. Manexo de SIX
SERMOS GALICIA	Santiago	1	Realización de reportaxes e artigos informativos, de temas relacionados coa Xeografía, en galego, para o xornal Nos Diario
TYSGAL	Santiago	1	Traballos de consultoría. Manexo de SIX
Xeoparque Terras do Courel	Quiroga	1	Traballos no ámbito do xeoparque
TOTAL		18	

GRAO EN HISTORIA DA ARTE

INSTITUCIÓN/EMPRESA	Nº PRAZAS FEBREIRO-MARZO
77Turismo de Betanzos. Betanzos	1
aCentral Folque. Santiago	1 MÚSICA (edición de libros e discos)
Archivo del Convento de San Francisco-Provincia Franciscana. Santiago	1 (paleografía)
Archivo-Biblioteca da Catedral de Santiago. Santiago	1
Arquivo Histórico Diocesano de Santiago-AHDS. Santiago	1
Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Lugo	1
Arquivo Histórico Universitario de Santiago-AHUS. Santiago	2
Auditorio de Galicia. Santiago	1 (Arte contemporánea semipresencial)
Biblioteca da Provincia Franciscana de Santiago. Santiago	3
Biblioteca de Galicia-Cidade da Cultura. Santiago	1
Biblioteca do Instituto Teolóxico-San Martiño Pinario. Santiago	2 (catalogar, ordenar)
Biblioteca Xeral da USC. Santiago	2 (Fondo gráfico e antigo)
Centro de Arte Fundación María José Jove. A Coruña	1 (Arte contemporánea)
Centro Galego de Arte Contemporánea-CGAC. Santiago	1 (Arte contemporánea)
Concello de Ames. Arquivo Concello. Bertamiráns	2 (Departamentos de Patrimonio e de Turismo)
Concello de Catoira	1
Concello de Meaño. Concellaría de Cultura e Turismo. Meaño	1
Concello de Tomiño. Tomiño	1 (Biblioteca)
Cursos Internacionais da Universidade-USC. Santiago	1
Editorial Hércules (Hércules de Ediciones). A Coruña	1
Editorial Tulipa (Tulipa Editora). Cacheiras, Teo (conveniente coche)	1
Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo. Santiago	3 (Fondos arquivísticos, bibliográficos e materiais artísticos)
Fundación Camilo José Cela. Iría Flavia-Padrón	2
Fundación Eugenio Granell-Museo Granell. Santiago	1
Fundación RIA. Santiago	1 (Urbanismo, arquitectura e rehabilitación patrimonio)
Fundación Xoán Piñeiro. Goián-Tomiño	1 (Arte contemporánea)
Galería Dupla. Santiago	1 (Arte contemporánea)

Galería Marisa Marimón. Ourense	1 (Arte contemporánea)
Galería Néboa. Lugo	1 (Arte contemporánea)
Galería Nordés de Arte Contemporáneo. A Coruña	1 (Arte contemporánea)
Galería Patio de Luz. Santiago	1 (Arte contemporánea)
Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento-CSIC. Santiago	1
Máis que Románico. Monforte de Lemos-Ribeira Sacra	1
Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón. A Coruña	2
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense-MAPOU. Ourense	1
Museo Catedralicio e Diocesano de Tui. Tui	2
Museo das Peregrinacións e de Santiago. Santiago	1
Museo de Arte Sacra do Convento das Clarisas de Monforte de Lemos	1
Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital. Artes-Riveira	1
Museo de Belas Artes. A Coruña	2
Museo de Pontevedra. Pontevedra	1
Museo do Pobo Galego. Santiago	1 APOI-Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade
Museo Etnolóxico de Ribadavia. Ribadavia	1
Museo Liste-Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo. Vigo	1 (Etnografía)
Museo Provincial de Lugo. Lugo	1
Museo Ramón María Aller de Lalín. Lalín	2
Museo Universitario Domus do Mitreo-Fundación USC. Lugo	1
Museos de Allariz. Allariz	1
Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre. Campo Lameiro	1
Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. A Coruña	2 (Fondos artísticos e arquivísticos-bibliográficos)
Xeoparque Terras do Courel. Quiroga	1

PRAZAS PREASIGNADAS POR INICIATIVA DE ALUMNOS NA XESTIÓN DE CONVENIO

INSTITUCIÓN/EMPRESA	Nº PRAZAS FEBREIRO-MARZO
Área de Cultura e Patrimonio. Concello de A Estrada. A Estrada	Praza preasignada por inicio de xestión
Museo de Historia Natural "Luis Iglesias" da USC. Santiago	Praza preasignada por inicio de xestión
Museo de La Rioja. Logroño	Praza preasignada por inicio de xestión
<i>Vigo Turístico</i> . Vigo	Praza preasignada por inicio de xestión
Xornal Nós Diario / Sermos Galiza. Santiago	Praza preasignada por inicio de xestión

GRAO EN HISTORIA

INSTITUCIÓN/EMPRESA	Nº Plazas ofertadas	Lugar	Obxervacións
Área de Turismo. Concello de Rianxo	3	Rianxo	
Arquivo da Catedral de Santiago	2	Santiago de Compostela	
Arquivo Histórico Diocesano de Santiago	1	Santiago de Compostela	
Arquivo de Galicia CdC	1	Santiago de Compostela	
Arquivo do convento de San Francisco-Provincia Franciscana.	3	Santiago de Compostela	Paleografía
Arquivo do Concello de Ames	1	Ames	
Arquivo do Reino de Galicia	2	A Coruña	
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	1	Lugo	
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	1	Pontevedra	
Arquivo Histórico Universitario de Santiago	2	Santiago de Compostela	
Arquivo Municipal de Carballo	1	Carballo	
Arquivo Territorial de Pontevedra	2	Pontevedra	
Arquivo Xeral Territorial de Lugo	1	Lugo	
Biblioteca do Concello de Tomiño	1	Tomiño	
Biblioteca Facultade CC da Educación- Psicoloxía	2	Santiago de Compostela	
Biblioteca Facultade de Filoloxía	2	Santiago de Compostela	
Biblioteca Facultade Xeografía e Historia	2	Santiago de Compostela	
Biblioteca Fundación Eugenio Granell	2	Santiago de Compostela	
Biblioteca Municipal Luís Seoane	2	Soutomaior	
Biblioteca Municipal Sagrada Familia da Coruña	1	A Coruña	
Biblioteca Pública de Ourense Nós	2	Ourense	
Consello da Cultura Galega	2	Santiago de Compostela	
Fundación Luís Tilve	3	Santiago de Compostela	
Grupo ECOPAST	2	Santiago de Compostela	
Hércules Ediciones	1	A Coruña	
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	2	Ourense	
Museo do Castro de Viladonga	2	Viladonga	
Museo Etnográfico "Casa do Patrón"	1	Doade (Lalín)	
Museo Etnolóxico de Ribadavia	1	Ribadavia	

Museo Municipal Ramón María Aller Ulloa	2	Lalín	
Xeitura Arqueoloxía	1	Allariz	Difusión e didáctica

PRAZAS PREASIGNADAS GRAO DE HISTORIA POR INICIATIVA DE ALUMNOS NA XESTIÓN DE CONVENIO			
INSTITUCIÓN/EMPRESA	Nº Plazas ofertadas	Lugar	Obxervacións
Museo Historia Natural USC	1	Santiago de Compostela	Praza preasignada pte.

Anexo II

SOLICITUDE DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EN EMPRESA

(Prazo: do 21 ao 31 de outubro, ambos incluídos)

1.- DATOS PERSOAIS			
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	NIF/Núm. Pasaporte:
Teléfono:		Correo electrónico:	
Persoa con discapacidade Si No (convenio coa fundación ONCE)			

2.- DATOS ACADÉMICOS		
Grao e curso no que está matriculado (Xeografía Historia ou Arte):		
Ten superado 150 créditos do grao (risque a resposta correspondente)	SI	NON
Nota media acadada no grao nos cursos anteriores ⁽¹⁾		
Propiciou a celebración do convenio ⁽²⁾	SI	NON
Convenio:		

⁽¹⁾ O alumnado matriculado ao abeiro dun programa de intercambio deberán presentar, xunto coa solicitude, copia do expediente académico.

⁽²⁾ O alumnado que propiciara a celebración dun convenio deberá acreditalo documentalmente con documento expedido pola empresa ou institución correspondente.

3.- PRAZAS POR ORDE DE PREFERENCIA		
	CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS	
1	SI	NON
2	SI	NON
3	SI	NON
4	SI	NON
5	SI	NON
MÁIS: Non existe límite no número de prazas que se solicitan, se desexa solicitar máis prazas debe anotalas ao final do documento		

En Santiago de Compostela, a ____ de _____ de ____

Asdo.: _____

ANEXO V

NORMATIVA DE EDICIÓN DA MEMORIA DE PRÁCTICAS - CONTIDO EN PAPEL (a realizar polo alumnado)

A entrega en papel da memoria de prácticas deberá seguir as seguintes normas en canto a formato:

- Tamaño de papel: DIN A4.
- Tipo de letras: arial.
- Tamaño de letra: 10, agás os títulos e subtítulos que se indican a continuación:
 - **Títulos:** numeración: 1.1, 1.2, 1.3, etc., maiúsculas, tamaño 10 e grosa.
 - **Subtítulos:** seguir o mesmo tipo de numeración (por exemplo 2.1.1), sen maiúsculas, tamaño 10 e cursiva.
- Separación de párrafos: 6 ptos. antes e despois.
- Primeira liña: sangría francesa.
- Interliñado: sinxelo.
- Aliñación de párrafos: xustificada.
- Marxes: superior e inferior 3,5 cm; dereita e esquerda 3 cm.
- Pé de gráficos e imaxes: arial 8, cursiva e centrado. A numeración dos gráficos será correlativa (Gráfico 1., Gráfico 2., etc.).
- Listados ("viñetas"): con puntos.
- Pé de páxina: Tipo de letra arial e tamaño 8. O nº de páxina aliñado á dereita, e nome do proxecto á esquerda.
- Encadernación: libre.

A memoria seguirá o seguinte esquema:

1. A primeira páxina axustarase ao modelo que se achega.
2. Ficha da práctica:
 - a. Nome da entidade
 - b. Actividade á que se dedica (sector e subsector da actividade principal)
 - c. Departamento no que se desenvolveu a práctica
 - d. Duración e período ou períodos nos que se desenvolveu
 - e. Horario de traballo

3. Informe da práctica: Incorporará unha descrición:
 - Do traballo realizado
 - Das competencias desenvolvidas
 - Dos problemas atopados
 - Conclusións que incorporen algunha valoración da satisfacción coa práctica.
4. Cuestionario de avaliación do programa de prácticas no seu conxunto (no formato que se incorpora ao final deste Anexo).

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MEMORIA DE PRÁCTICAS

Realizada por:

(NOME DO ALUMNO)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO DE COMPOSTELA, (mes e ano)

ANEXO VI

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PRÁCTICAS

A partir da información recollida neste cuestionario, no que se avalía o programa de prácticas en xeral, se pretende non só avaliar a súa calidade senón tamén detectar posibles aspectos que sexan susceptibles de mellora.

PERÍODO	DE	REALIZACIÓN
HORARIO		DIARIO
DEPARTAMENTO		

Por favor, sinala cun X o seu grao de acordo coas seguintes afirmacións, tendo en conta que o 5 significa que está “totalmente de acordo” e o 1 que se atopa “totalmente en desacordo”.

AVALIACIÓN DO PROGRAMA					
1. O programa estivo ben organizado.	1	2	3	4	5
2. A formación recibida foi suficiente para a realización das prácticas.	1	2	3	4	5
3. O programa supuxo un bo complemento para os meus estudos.	1	2	3	4	5
4. As prácticas realizadas axustáronse ao sinalado no programa de prácticas.	1	2	3	4	5
5. Os medios cos que contei no centro de práctica foron suficientes.	1	2	3	4	5
6. Fixen as miñas prácticas na empresa que solicitara en primeiro lugar.	1	2	3	4	5
7. Fixen as miñas prácticas no perfil de posto que inicialmente desexaba.	1	2	3	4	5
8. Percibín unha boa colaboración entre o titor académico e o centro de prácticas.	1	2	3	4	5
9. En xeral, estou satisfeito co programa.	1	2	3	4	5
AVALIACIÓN DO EMPREGADOR					
10. A atención recibida pola entidade foi boa.	1	2	3	4	5
11. A dispoñibilidade do persoal foi abonda.	1	2	3	4	5
12. En xeral, estou satisfeito coa entidade que me foi asignada.	1	2	3	4	5
15. En xeral, estou satisfeito co labor realizado polo meu titor.	1	2	3	4	5

OBSERVACIÓNS QUE QUEIRA REALIZAR:

MOITAS GRAZAS

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO MIGUEZ MACHO,
DECANO A DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
21/10/2025 17:13:45.

CSV: 818A-F503-410F-A35B